

Praza número: 19/3002

Número de prazas: 1

Categoría: Contratado/a Interino/a de Substitución

Dedicación: Tempo completo

Área de coñecemento: Filoloxía Galega e Portuguesa

Departamento: Letras

Docencia: Materias da área

Centro: Facultade de Filoloxía

Unha vez que se viu a proposta formulada pola Comisión encargada de xulgar o concurso para a provisión da praza enriba indicada.

Unha vez que se viu o acordo adoptado pola Comisión de Reclamacións na súa reunión do 13 de xuño de 2019, no que ratifica a proposta da Comisión de Selección en canto á designación do primeiro candidato seleccionado,

Esta Reitoría, no uso das facultades que lle confire o art. 36 dos Estatutos da Universidade da Coruña, que se aprobaron por Decreto 101/2004, do 13 de maio (DOG do 26), e en aplicación do disposto no apartado 10 da Normativa pola que se regula o procedemento para a selección de persoal docente e investigador interino e laboral contratado, que se aproba por acordo do Consello de Goberno do 30 de abril de 2014, resolve asignar a referida praza ao concursante **D/D^a. ISAAC LOURIDO HERMIDA**.

Contra a presente Resolución, que esgota a vía administrativa, poderase interpoñer un recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses, que se contarán desde o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa. Previamente, e con carácter potestativo, poderase interpoñer un recurso de reposición ante esta Reitoría, no prazo dun mes, de acordo co establecido no artigo 123 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (BOE de 2 de outubro de 2015).

A Coruña, 18/06/2019

O reitor,

Julio Abalde Alonso

Código Seguro De Verificación	/vphn6k4pMCu2QWT9ie9Ig==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Julio Ernesto Abalde Alonso - Reitor	Asinado	18/06/2019 11:46:41
Observacións		Páxina	1/1
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation//vphn6k4pMCu2QWT9ie9Ig==		



Alberto Valderruten Vidal, vicerreitor de Profesorado e Planificación Docente e presidente da Comisión de Reclamacións de prazas de PDI interino e laboral contratado da Universidade da Coruña,

CERTIFICO:

Que a Comisión de Reclamacións de prazas de PDI interino e laboral contratado reunida o día 13 de xuño de 2019, tomou os seguintes acordos en relación coa reclamación presentada na praza que se relaciona a continuación:

Praza 19/3002:

Categoría: Contratado/a Interino/a de Substitución. Tempo completo

Área de coñecemento: Filoloxía Galega e Portuguesa

Departamento: Letras

Centro: Facultade de Filoloxía

Docencia: Materias da área

ACORDOS:

Os membros da Comisión de Reclamacións, tras analizar o contido da reclamación presentada por dona Débora González García, a documentación dos/as candidatos/as e o informe realizado pola comisión encargada da selección da praza do 22/05/2019, ratifican todos os puntos do antedito informe e estiman axeitada a proposta realizada pola Comisión de Selección.

Incorpórase o informe da Comisión de Selección do 22/05/2019 a esta certificación co fin de que se proceda á súa publicación xunto coa resolución do concurso.

A Coruña, 14 de xuño de 2019

Código Seguro De Verificación	BJdi/gTDefZ111Hj5fcoRA==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Alberto Valderruten Vidal - Vicerr. de Profesorado e Planificación Docente	Asinado	14/06/2019 13:38:38
Observacións		Páxina	1/4
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/BJdi/gTDefZ111Hj5fcoRA==		



A comisión encargada de vulgar a praza nº 19/3002 de Contratado Interino de Substitución de Filoloxías Galega e Portuguesa, tendo recibido a reclamación de D^a. Débora González Martínez, reuniuse nos días 20 e 22 de maio de 2019 para, despois de revisar en pormenor e de maneira exhaustiva todas as súas actuacións e decisións, elaborou o informe seguinte sobre ela.

1. Antes de máis e como **cuestión previa e de carácter xeral**, esta Comisión quere facer os dous *consideranda* seguintes: a) valorou única e exclusivamente os méritos alegados e debidamente xustificadas conforme a normativa vixente; b) actuou conforme a normativa vixente e os criterios públicos fixados previamente, avaliando a calidade, adecuación e pertinencia de todos e cada un dos méritos alegados, dentro dos parámetros e límites marcados.
2. **Bloque II, apartado 5:** Foron valorados unicamente os méritos documentados segundo indica a normativa da UDC, que a este respecto sinala que é necesario presentar a convocatoria da bolsa correspondente e un certificado do período efectivo de goce: só foi presentada unha certificación dun período efectivo de desfrute (6 meses, de 10-10-2006 a 9-4-2007) que non foi considerado porque as datas certificadas non corresponden coas da convocatoria incluída na documentación. É por isto que só foron valorados os tres anos de desfrute da bolsa Ramón Piñeiro (a que corresponde o total outorgado de 0,30 puntos: 0,10 por ano).
3. **Bloque II, apartado 6:** a documentación xustificativa está incompleta, xa que faltan dous documentos (permiso oficial do centro de orixe e mais convite do centro receptor) dos tres requiridos para o mérito alegado. É por isto que non foi valorado.
4. **Bloque III, apartado 1:**
 - a) a docencia como lectora (con bolsa outorgada pola Secretaría Xeral de Política Lingüística da Xunta de Galicia) foi valorada no apartado III.7, pois tal docencia non foi realizada como contratada ou bolseira de investigación, tal e como é contemplado na normativa. Idéntico criterio foi o seguido para valorar a mesma docencia como lector (con bolsa outorgada pola Secretaría Xeral de Política Lingüística da Xunta de Galicia) alegada polo candidato proposto por esta comisión.

Código Seguro De Verificación	BJdi/gTDefZ111Hj5fcoRA==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Alberto Valderruten Vidal - Vicerr. de Profesorado e Planificación Docente	Asinado	14/06/2019 13:38:38
Observacións		Páxina	2/4
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/BJdi/gTDefZ111Hj5fcoRA==		



b) outros posíbeis méritos docentes do apartado III.1 non foron debidamente xustificadas, pois falta a folla de servizos requirida no anexo IV da convocatoria (“É necesaria a folla de servizos e un certificado da docencia impartida”). É por isto que non foron valorados.

5. **Bloque III, apartado 2:** o mérito alegado (dirección de un TFM) non estaba certificado debidamente no seu momento (só agora, coa reclamación, a candidata xunta a correspondente certificación). É por isto que non foi valorado.
6. **Bloque III, apartado 5:** non hai certificación do mérito alegado como require o anexo IV (“Para valorar os materiais dixitais é necesario achegar o certificado da entidade correspondente”). É por isto que non foi valorado.
7. **Bloque IV, apartado 1:** reitérase que esta Comisión valorou unicamente os méritos alegados e debidamente documentados. Neste sentido, a normativa esixe a presentación dunha copia do texto completo do relatorio ou comunicación: en todos os casos en que os méritos foron así documentados, a Comisión valorounos como correspondía. De acordo coa normativa, non foron considerados os méritos documentados só cunha presentación electrónica reducida a citas textuais, e por tanto sen texto completo.
8. **Bloque IV, apartado 4:** independentemente de calquera valoración sobre a normativa, a Comisión atívose a ela en todo momento e atribuíu a puntuación que considerou pertinente a cada un dos méritos debidamente documentados. Lembremos de novo que a normativa só establece puntuacións máximas e que a reclamante foi baremada seguindo os criterios establecidos, que foron aplicados a todos e cada un dos concursantes por igual.
9. **Bloque V, apartado 1:** a Comisión ratifícase na puntuación outorgada, que cumpre escrupulosamente o establecido na normativa: 5 anos de contrato posdoutoral por 3 puntos (15 puntos) + 0.35 puntos pola “outra bolsa de investigación” alegada durante 7 meses e 10 días (até 1 punto por ano).
10. **Bloque V, apartado 2:** non foron valorados os méritos alegados porque máis unha vez non estaban debidamente xustificadas (conforme o anexo IV): falta permiso oficial e o convite (“É necesario achegar o permiso oficial do centro de

Código Seguro De Verificación	BJdi/gTDefZ111Hj5fcoRA==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Alberto Valderruten Vidal - Vicerr. de Profesorado e Planificación Docente	Asinado	14/06/2019 13:38:38
Observacións		Páxina	3/4
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/BJdi/gTDefZ111Hj5fcoRA==		



orixe, a invitación do centro receptor e a certificación deste sobre a realización da estadia e a súa duración”).

11. **Bloque V, apartado 6:** de novo moitos dos méritos alegados non están debidamente certificados pola autoridade competente segundo establece a normativa.
12. **Bloque V, apartado 7:** a Comisión ratifícase na puntuación concedida conforme as súas atribucións, porque os “outros méritos” deste apartado son méritos referidos á “experiencia investigadora relacionada coa área”. En consecuencia, a Comisión só avaliou os méritos desta natureza.

Á vista de todo o anteriormente expresado, esta Comisión ratifícase, **por unanimidade**, en todas e cada unha das decisións adoptadas e nas puntuacións outorgadas, así como na proposta final de provisión realizada.

Na Coruña, a 22 de maio de 2019

María Jesús Lorenzo Modia
Presidenta

Teresa López Fernández
Secretaria

Manuel Ferreiro Fernández

Carlos Paulo Martínez Pereiro

Xosé Ramón Freixeiro Mato

Código Seguro De Verificación	BJdi/gTDefZ111Hj5fcoRA==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Alberto Valderruten Vidal - Vicerr. de Profesorado e Planificación Docente	Asinado	14/06/2019 13:38:38
Observacións		Páxina	4/4
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/BJdi/gTDefZ111Hj5fcoRA==		

